

O Alcalde de Vigo

Sr. D. Alfonso Rueda Valenzuela
Presidente da Xunta de Galicia
Edificios Administrativos – San Caetano, s/n
15781 Santiago de Compostela

Vigo, 20 de xullo de 2022


Estimado presidente:

As institucións estamos obrigadas a atender a cidadanía. Nos últimos quince anos, a Xunta de Galicia desatendeu severamente a Vigo, tanto no ámbito da insuficiencia dos investimentos como nas posicións políticas que danaron gravemente á cidade.

Coa túa presidencia, iníciase unha etapa nova na Comunidade Autónoma e confío e desexo que esta actitude con Vigo cambie. Por iso, como continuación á oferta de man tendida que che fixen o pasado venres, 15 de xullo, no transcurso dun acto na cidade, propóñoche acordar unha reunión para tratar a posición da Xunta con Vigo.

Con todo, algúns temas deberían ser atendidos de forma inmediata pola institución que presides. Lémbroche que, cando o Concello de Vigo levaba cinco anos de preparación intensiva da candidatura das Illas Cíes como Patrimonio da Humanidade pola Unesco, de forma subrepticia, opaca e malintencionada, a Xunta de Galicia presentou unha proposta diferente co único obxectivo de frear a candidatura gañadora de Vigo. En todo este tempo a Xunta non fixo nada significativo na defensa da súa opción.

A Área Metropolitana de Vigo, lexitimamente constituída o 1 de decembro de 2016 como queda acreditado na sentenza do Xulgado Contencioso Administrativo nº 1 de Vigo do 24 de setembro de 2020, foi detida por un recurso que estableceste desde a túa Vicepresidencia. Esta decisión foi da maior gravidade porque privou a Vigo e aos municipios da área do seu lexítimo dereito de constituírse en área metropolitana.

Así mesmo, a elaboración dunha lei que obriga ao Concello de Vigo a pagar as escolas infantís e os centros de día da Xunta de Galicia é claramente unha agresión a esta cidade.

Estas tres cuestións sen custo real significativo poderían ser resoltas antes de celebrar a xuntanza. Adicionalmente, remítoche todos aqueles temas que considero que deben ser abordados na reunión que che propoño que acordemos.

O Alcalde de Vigo

Estas tres cuestións sen custo real significativo poderían ser resoltas antes de celebrar a xuntanza. Adicionalmente, remítoche todos aqueles temas que considero que deben ser abordados na reunión que che propoño que acordemos.

Desexando que este proceso se inicie e conclúa en beneficio da cidade de Vigò, que será no beneficio de Galicia, saúdote atentamente

Mu saúdo

A handwritten signature in blue ink, which appears to read 'Abel Caballero', is written over a horizontal line.

Abel Caballero
Alcalde de Vigo

ANEXO TEMAS PENDENTES VIGO

1. Retirar a candidatura "Illas Cíes- Parque Nacional das Illas Atlánticas de Galicia a Patrimonio da Humanidade" da UNESCO presentada pola Xunta de Galicia co único obxecto de prexudicar a candidatura na que Vigo con "Illas Cíes Patrimonio da Humanidade" leva traballando case 10 anos
2. Retirar o recurso contencioso administrativo contra a Área Metropolitana de Vigo
3. Proceder á derogación do artigo 68 do capítulo IX da Lei de acompañamento dos Presupostos de 2017 que obriga ao Concello de Vigo a pagar unha parte do custo de centros de día e de escolas infantís da Xunta de Galicia, recorrido polo Concello
4. Cumprimento da resolución do estudo da seca acordado polo Goberno de España, a Xunta de Galicia e o Concello de Vigo
5. Derogar a decisión de impoñer ao Concello de Vigo a taxa sobre a presa de Eiras
6. Obras de mellora da rede de saneamento e cofinanciamento da ETAP do Casal (bombeos, depósitos, conducións...)
7. Asignación a Vigo de Fondos Europeos transferidos polo Goberno de España á Xunta de Galicia
8. Cesión ao Concello dos terreos da actual estación de autobuses de Vigo na Avenida de Madrid
9. Firma de convenio para a construción do novo Instituto en Navia con compromisos orzamentarios claros por parte da Xunta para a execución no menor prazo posible e coa posta a disposición de terreos polo Concello de Vigo
10. Permitir a aplicación da Lei Vigo 3/2016 para executar os proxectos do pavillón de Matamá e de acceso ao Colexio Párroco don Camilo, paralizadas por razóns exclusivamente políticas
11. Reverter a politización do Ifevi cos cambios no Padroado realizados pola Xunta de Galicia
12. Mellora dos accesos ao Ifevi
13. Mellora do hospital do Meixoeiro máis alá da reforma actual, claramente insuficiente

14. Melloras no hospital Álvaro Cunqueiro, gratuidade dos aparcadoiros e cesión dunha parcela para a execución de aparcamento público gratuito por parte do Concello
15. Ampliación do Centro de Saúde de Bouzas, recuperando o seu proxecto inicial
16. Achega de novos fondos ao Consorcio do Casco Vello para a dinamización da rehabilitación, asignando 5 millóns de euros no orzamento de 2023
17. Alugueiro ao Concello de quince locais do Consorcio do Casco Vello de Vigo para dinamizar a zona e favorecer o emprendemento. Foi denegado en prexuízo do Consorcio
18. Paseo e conca do Lagares. Transferencia con paseo arranxado
19. Asumir con urxencia a dotación de solo industrial en Vigo para a expansión da automoción e do sector auxiliar
20. Atención ao transporte aéreo e promoción do aeroporto de Vigo
21. Financiamento do transporte público ao aeroporto de Vigo
22. Iniciar o trámite de derogación do artigo 82.4 da Lei 2/2017, de 8 de febreiro, de medidas fiscais, administrativas e de ordenación que obriga a Vigo ao abono dos autobuses a cidadáns residentes fóra da cidade
23. Apoio para os novos accesos a Navia
24. Compromiso de execución do novo vial entre A Balsa e a A-55, continuidade do vial autonómico PO-010
25. Humanizacións e melloras nas vías de titularidade autonómica:
 1. AG-57: RED VAC / Enlace (VG-20) – Baiona
 2. Vía acceso a Citroen desde VG-20
 3. PO-323: Red S / Chapela (N-552) – Vigo (Avenida de Galicia)
 4. PO-324: Red S / Ponte Lagares Canido (Rúa Arquitecto Gómez Román e Rúa Canido)
 5. PO-325: Red S / Vigo – A Ramallosa (PO-552) (Avenida Ricardo Mella)
 6. PO-330: Red PC / Vigo – Vincios (PO-331) (Avenida de Castrelos e Estrada de Valadares)
 7. PO-331: Red PC / O Porriño – Gondomar (PO-340) (Estrada de Zamáns)
 8. PO-552 Red PB / Vigo – Tui (Avda. da Florida e Estrada de

Camposancos)

9. PO-371: Puxeiros – O Calvario (Avda. de Ramón Nieto e Avda. da Ponte, dende Urzáiz ata o cruce coa A-551)
10. Nacional 120 (tramo entre o Seminario e o hospital do Meixoeiro)
26. Participación na construción do novo Estadio de Balaídos achegando as mesmas contías que o Concello e a Deputación de Pontevedra
27. Construción das pistas de atletismo de Balaídos
28. Túnel de Beiramar. Firma de convenio para o financiamento das obras de soterramento de Beiramar, comprometendo o 85% do investimento
29. Melloras nas infraestruturas educativas de Ensino Primario (eliminación de barreiras arquitectónicas, mellora de eficiencia enerxética, cubrición patios..). Actualmente hai 14 centros en lista de espera para a cubrición de patios
30. Bolsas de comedor nos centros de Educación Infantil e Primaria
31. Reforzamento da FP en Vigo
32. Accións en política social:
 1. Financiamento autonómico para o albergue municipal ao ser un recurso de carácter supramunicipal
 2. Financiamento integral de CEDRO e incorporación deste servizo sociosanitario ao SERGAS
 3. Financiamento integral de centros de día públicos e incremento das prazas
 4. Aumento das prazas públicas de residencias para persoas maiores
 5. Financiamento estable para o Plan Local de Drogodependencias
 6. Axeitado financiamento do Servizo de axuda a domicilio que segue a ser insuficiente
 7. Axeitado financiamento dos servizos sociais comunitarios básicos que teñen conxelada a achega do plan concertado desde 2012
 8. Parque de vivenda social para persoas en risco de exclusión social
 9. Financiamento do programa socioeducativo de infancia e familia para o que a Xunta non achega fondos
33. Plans de emprego. Reparto proporcional dos fondos consonte á poboación

34. Política e acción cultural:

1. Apoio á Orquestra Sinfónica de Vigo e á Orquestra Clásica
2. Apoio ás festas de interese turístico e cultural
3. Apoio á demanda do Concello de Vigo de construción da Biblioteca do Estado na rúa Lalín
4. Apoio económico aos museos de Vigo en relación ao número de visitantes
5. Recuperación do apoio que o MARCO recibía da Xunta de Galicia e que foi drasticamente reducido

35. Obras de execución do anel verde de Vigo para a protección e defensa contra incendios forestais

36. Saldar as débedas por gastos Covid-19 con motivo da implantación de medidas extraordinarias ante a pandemia

37. Como recordatorio final, a débeda da Xunta en termos de investimentos supera os 2.000 millóns de euros desde o ano 2008